

ANUNCIO

APROBACIÓN DA INSTRUCIÓN PARA A SELECCIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE DODRO 2024/25

Mediante Resolución da Alcaldía 562/2024, do 7 de novembro, corrixida pola Resolución da Alcaldía 571/2024, do 12/11/2024, aprobouse a instrución para a selección dos 100 participantes do Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2024/25, que a continuación se transcribe:

“INSTRUCIÓN PARA A SELECCIÓN DAS PERSOAS DEMANDANTES DE EMPREGO QUE PARTICIPARAN NO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DE CONCELLO DE DODRO 2024/25

Por Resolución da directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de data 30 de setembro de 2024, e ao abeiro do disposto na Orde do 28 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, concedeuse a este Concello unha subvención de 220.000 € con destino á execución do Programa Integrado de Emprego solicitado polos concellos de Padrón, Valga, Rois, Catoira, Pontecesures e Dodro en agrupación para esta fin.

As características deste Programa son as establecidas no anexo á Resolución de concesión:

Procedemento TR332A 2024/66

- DENOMINACIÓN DO PROGRAMA: PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE DODRO 2023/24
- ÁMBITO TERRITORIAL: Concellos de Dodro, Padrón, Rois, Pontecesures, Valga e Catoira
- NÚMERO DE PERSOAS PARTICIPANTES: 100
- OBXECTIVOS DE INSERCIÓN: 37 %
- PERSOAS DEMANDANTES POR COLECTIVO:
 - Persoas desempregadas con discapacidade
 - Persoas menores de 30 anos desempregadas con baixa cualificación
 - Persoas menores de 30 anos desempregadas cualificadas
 - Persoas desempregadas maiores de 45 anos
 - Persoas desempregadas perceptoras de prestacións, subsidios por desemprego ou renda activa de inserción (RAI)
 - Mulleres desempregadas
 - Persoas desempregadas de longa duración
- PRAZOS DE DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA:
 - Data de inicio: 1 de outubro de 2024
 - Data de fin: 30 de setembro de 2025

Tendo en conta o manual técnico elaborado polo Servizo de Promoción de Competencias para o Emprego da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, que está publicado na páxina web da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a selección de participantes farase mediante o seguinte procedemento:

- En primeiro lugar, a oficina de emprego facilitará á entidade beneficiaria a relación de persoas candidatas que teñan solicitado na súa demanda (e non se atope caducado) o servizo de "Programas experimentais" (930)", e que cumpran co previsto no anexo á resolución (tipo de colectivo, ámbito territorial, etc...).
- Aos efectos de completar a selección de participantes, o Concello de Dodro opta pola vinculación

nominal directa da totalidade das persoas participantes restantes. A oficina de emprego comprobará que cumpran co previsto na orde de convocatoria e cos requisitos do anexo á resolución.

- As prazas restantes que non se cubran polos medios anteriormente indicados, cubriranse mediante o procedemento de selección a través dunha oferta específica de programas integrados, a través da sondaxe ou busca parametrizada de demandantes na oficina de emprego correspondente.

Para seleccionar ás persoas que finalmente vaian participar nas accións do Programa, o Concello de Dodro entregará ás persoas candidatas un cuestionario para que completen, aos efectos de valorar os seguintes aspectos:

- *O interese e motivación para participar no Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2024/25*
- *A baixa cualificación*
- *A pouca experiencia laboral*
- *A antigüidade como desempregado*
- *O interese para participar nas accións formativas do Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2024/25*
- *A non participación en programas ou medidas activas de emprego con anterioridade*
- *O interese en realizar formación, en xeral*
- *O interese en facer prácticas non laborais relacionadas coas accións formativas do programa*
- *O interese no emprendemento ou autoemprego*
- *O interese na fórmula cooperativa*

Poderán participar na selección as persoas demandantes que foran atendidas nun programa integrado para o emprego realizado en anos anteriores.

As mulleres demandantes tamén poderán compatibilizar a súa participación nos programas integrados coa realización das accións formativas denominadas “Muller dixital” dirixidas a mulleres pertencentes a municipios de menos de 30.000 habitantes no marco de Recuperación, Transformación e Resiliencia.”

O que se publica aos efectos oportunos.

Documento asinado electronicamente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís